

Convenio entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as empresas QATRO E ELECTRORAYMA, sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de Formación Profesional

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra parte, D. Jesús Casas Raposo, con DNI , en calidade de director xeral da empresa QATRO-ELEC-ENXEÑARÍA E SERVIZOS ELÉCTRICOS INDUSTRIAIS, S.L., con enderezo en R/ Copérnico, 7 - 1º A1, 15.008, A Coruña, en diante QATRO, con poder para actuar en nome e representación da empresa, segundo consta na escritura número 2020/3326 autorizada o 1 de xullo de 2020 polo Notario da Coruña, Don Gerardo Raúl Muñoz Maestre.

E doutra parte, D. Manuel Villadóniga Amor, con DNI en calidade de administrador único da empresa ELECTRO RAYMA, SL, con enderezo en Pol. Ind. Río do Pozo, Avda. Gonzalo Navarro nº 36-38, 15.573, Narón, A Coruña, en diante ELECTRORAYMA, con poder para actuar en nome e representación da entidade, segundo consta no poder notarial de fecha 03/07/2024 ante o Notario de Ferrol, Dona Blanca Andrea Villanueva García-Pomareda, con número 561 do seu Protocolo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

1. Que segundo o artigo 1 do Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional é o departamento da Xunta de Galicia ao que corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades; a coordinación do sistema universitario, o fomento e vertebración das políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación e coordinación de estratexias e programas de I+D+i para a transferencia do coñecemento.
2. Que a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, determina no artigo 39 que a Formación Profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar ao alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que poden producirse ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática e pacífica, e permitir a súa progresión no sistema educativo, no marco da aprendizaxe ao longo da vida.
3. Que a Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, constitúe e ordena o sistema único e integrado de Formación Profesional; no seu artigo 6 establece como un dos obxectivos do Sistema de Formación Profesional a oferta de formación actualizada e suficiente, que incorpore de maneira proactiva e áxil tanto as competencias profesionais emerxentes, como a innovación, a investigación aplicada, o emprendemento, a dixitalización, a sustentabilidade e a emerxencia climática, en tanto que factores estruturais de éxito no novo modelo económico.
4. Que o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da Formación Profesional do sistema educativo de Galicia, na súa disposición adicional segunda, indica que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresarias e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes, e que dita colaboración formalizarase mediante convenio.
5. Que a Estratexia de FP Galicia 2030, aprobada no consello da Xunta do día 10 de febreiro de 2022, ten como un dos principios que a sustentan a colaboración público-privada entre as

- administracións e as empresas no proceso de adquisición de competencias por parte da cidadanía, na identificación das necesidades de capacitación e deseño da oferta formativa, incluíndo a modalidade dual, ou levar a cabo actuacións de difusión das ensinanzas de Formación Profesional. Neste sentido, destaca o obxectivo estratéxico 1.2 que busca impulsar a colaboración na formación entre os sectores produtivos e o ámbito educativo.
6. Que o Centro Integrado de Formación Profesional Universidade Laboral, CIFP Universidade Laboral, é un centro educativo público dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, dedicado á formación profesional en todas as súas modalidades.
 7. Que QATRO e ELECTRORAYMA son empresas galegas con presenza significativa no ámbito da fabricación, montaxe e mantemento de equipos e sistemas eléctricos, electricidade industrial, instrumentación e control de procesos.
 8. Que o CIFP Universidade Laboral está a desenvolver un proxecto de innovación tecnolóxica e didáctica consistente na implantación dun simulador de subestación de intemperie de Alta Tensión, en terreos propiedade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Dito proxecto foi premiado na convocatoria 2023 de premios para o desenvolvemento de proxectos de innovación no ámbito da Formación Profesional en centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Para a optimización do seu aproveitamento didáctico, dito proxecto debería completarse cunha última fase de montaxe mecánica da subestación e da parte eléctrica e das proteccións electrónicas.
 9. Que QATRO e ELECTRORAYMA manifestan o seu interese en colaborar co dito proxecto para facilitar e promover a formación no ámbito da alta tensión, para alumnado, docentes e persoas traballadoras do sector.
 10. QATRO e ELECTRORAYMA manifestan o seu interese en desenvolver un proxecto plurianual sobre esta instalación, incorporando melloras anuais para a súa actualización continua e potenciando así o seu aproveitamento didáctico.
 11. Que, en virtude do anteriormente exposto, as empresas QATRO e ELECTRORAYMA e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional acordan subscribir o presente convenio de colaboración no ámbito da Formación Profesional, conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración no campo da Formación Profesional entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as empresas QATRO e ELECTRORAYMA. Esta colaboración levarase a cabo nos seguintes campos de actuación:

- a. Colaboración no proxecto de simulador de subestación de intemperie de Alta Tensión, desenvolto polo CIFP Universidade Laboral.
- b. Participación en accións formativas dirixidas a profesorado, alumnado e persoas traballadoras.
- c. Actualización da instalación didáctica.

Segunda. Colaboración no proxecto da subestación didáctica

O CIFP Universidade Laboral está a desenvolver un proxecto de innovación tecnolóxica e didáctica consistente na implantación dun simulador de subestación de intemperie de Alta Tensión, en terreos propiedade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Dito proxecto foi premiado na convocatoria 2023 de premios para o desenvolvemento de proxectos de innovación no ámbito da Formación Profesional en centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Para a optimización do seu aproveitamento didáctico por parte do profesorado, alumnado e persoas traballadoras, dito proxecto debería completarse cunha última fase de montaxe mecánica da subestación e da parte eléctrica e das proteccións electrónicas.

QATRO e ELECTRORAYMA, empresas referentes no ámbito da Alta Tensión en Galicia e cun fondo coñecemento da realidade técnica e normativa deste ámbito, colaborarán, sen recibir ningunha contraprestación económica por elo, na consecución desta última fase do proxecto, aportando asesoramento técnico e soporte para a execución dos traballos pendentes de montaxe mecánica e eléctrica e de proteccións electrónicas da subestación didáctica.

A transferencia de coñecemento, por parte das empresas asinantes deste convenio, cara aos equipos de profesorado e alumnado involucrados no proxecto de innovación suporá un impulso imprescindible para o aproveitamento dese equipamento didáctico.

Terceira. Accións formativas dirixidas a profesorado, alumnado e persoas traballadoras

O achegamento da formación impartida á realidade profesional e técnica deste sector é vital para alcanzar o obxectivo da cualificación profesional das persoas traballadoras e a súa axeitada inserción laboral. Con esa intención, unha vez rematada a montaxe e preparada a subestación para o seu aproveitamento didáctico, organizaranse actividades formativas dirixidas tanto a alumnado ou profesorado como a persoas traballadoras do sector.

A iniciativa para a organización desas accións formativas poderá partir de calquera das entidades asinantes do convenio e deberá contar coa colaboración do resto dos asinantes para o seu óptimo desenvolvemento.

Este aproveitamento didáctico vai aliñado co obxectivo inicial deste proxecto de innovación: que as empresas do sector, centros formativos, e futuros e actuais profesionais do ámbito das enerxías renovables poidan utilizar esta instalación didáctica desenerxizada para mellorar a súa formación.

Cuarta. Actualización da instalación didáctica

Durante o período de vixencia do convenio, tanto a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional como as empresas asinantes do convenio, coñecedoras da realidade técnica do sector e da evolución das diferentes tecnoloxías, instrumentacións, normativas, etc., poderán propoñer modificacións ou melloras coa fin de que a instalación didáctica manteña a súa plena utilidade formativa. Esas propostas poderán levarse á práctica no caso de que conten co apoio de todas as partes asinantes do convenio.

Quinta. Comisión de seguimento

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes.

Esta comisión estará constituída por:

- a. Dúas persoas representantes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, unha das cales exercerá a presidencia da comisión.
- b. Dúas persoas representantes das empresas QATRO e ELECTRORAYMA.
- c. Unha persoa funcionaria da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actuará como secretaria.

As súas funcións serán coordinar as relacións entre as partes na execución deste convenio e resolver os problemas de interpretación, dúbidas e discrepancias que podan aparecer na execución das actuacións previstas no convenio.

Sexta. Vixencia do acordo

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse, por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Esta addenda terá unha vixencia máxima de catro anos e asinarase antes da finalización do prazo de vixencia do convenio. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á data na que se queira poñer fin á relación entre as partes.

Sétima. Causas de resolución do convenio

Serán causa de resolución do presente convenio:

- a. Transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b. O acordo unánime dos asinantes.
- c. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- d. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Oitava. Obrigas económicas

Da aplicación deste convenio non se derivará contraprestación económica algunha entre as partes asinantes do mesmo.

Novena. Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, as partes implicadas no que por razón das actividades previstas neste convenio teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas. Neste sentido, haberá que atender ao contemplado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Décima. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo primeira. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite, conforme ao contemplado no artigo 4 da citada lei. Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade co exposto, as partes firman o presente convenio na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

D. Román Rodríguez González

O director xeral de QATRO-ELEC-ENXEÑARÍA E SERVIZOS ELÉCTRICOS INDUSTRIAIS, S.L

D. Jesús Casas Raposo

O director xeral de ELECTRO RAYMA, SL

D. Manuel Villadóniga Amor